



# ESTRATEGIA EPÍGRAFE F

## ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027

GDR-23 MARIÑAS-BETANZOS



ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL  
MARIÑAS-BETANZOS



AXENCIA GALEGA  
DE DESENVOLVEMENTO  
RURAL



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE AGRICULTURA, PESCA  
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola  
de Desenvolvemento Rural:  
Europa inviste no rural



Xacobeo 21-22



# CONTIDO

F. Coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia	3
F.1. Procedementos e actuacións durante a elaboración da estratexia para a súa coordinación coas dos restantes territorios de Galicia, co fin de maximizar as sinerxías e complementariedades	3
F.1.1 Mecanismos xerais de coordinación no proceso de elaboración da estratexia	3
F.1.2. Grupos de traballo (GT)	5
F.1.3 Outras actuacións para a coordinación da estratexia do GDR coas dos restantes territorios de Galicia	9
F.2. Mecanismos e procedementos que se van implantar ao longo do período 2023-2027 para asegurar a execución da estratexia de xeito coordinado cos restantes GDR de Galicia	17
F.2.1 Taller de lanzamento: visión xeral das EDLP dos GDR galegos	17
F.2.2 Grupos de traballo	17
F.2.3 Base de datos de proxectos	17
F.2.4 Impulso de proxectos de cooperación	18
F.3. Mecanismos e procedementos para asegurar a execución da estratexia de xeito aliñado con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC19	
F.3.1 Identificación dos ámbitos prioritarios para o aliñamento e establecemento de directrices	19
F.3.1.1 Aliñamento coas medidas do PEPAC	19
F.3.1.2 Aliñamento coas medidas de estratexias, iniciativas e plans da Consellería do Medio Rural	23
F.3.2 Xornadas informativas e formativas para o persoal técnico dos GDR	28
F.3.3 Reunións de seguimento	28
F.3.4 Gobernanza	28

# ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Reunións de coordinación.....	4
Táboa 2. Temas de interese nos grupos focais temáticos.....	6
Táboa 3. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco do PEPAC 2023-2027 .....	20
Táboa 4. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR coas intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas no marco do PE PAC de España 2023-2027 .....	22
Táboa 5. Aliñamento estratexia do GDR coas estratexias, iniciativas e plans da Consellería do Medio Rural.....	23

## F. COORDINACIÓN COAS ESTRATEXIAS GLOBAIS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

Os mecanismos e actuacións que se describen a continuación reflicten o marco de coordinación previsto á data de entrega deste documento. A coordinación da estratexia do GDR 23 Mariñas-Betanzos coas dos restantes territorios de Galicia, e con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC, concíbese como unha actividade continua ao longo de todo o período. Polo tanto, os citados mecanismos e actuacións adaptaranse e desenvolveranse de forma dinámica, en función das necesidades derivadas da execución da estratexia do GDR así como do contexto de planificación e gobernanza no que esta se insire, especialmente a nivel galego.

### F.1. PROCEDEMENTOS E ACTUACIÓNS DURANTE A ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA PARA A SÚA COORDINACIÓN COAS DOS RESTANTES TERRITORIOS DE GALICIA, CO FIN DE MAXIMIZAR AS SINERXÍAS E COMPLEMENTARIEDADES

#### F.1.1 MECANISMOS XERAIS DE COORDINACIÓN NO PROCESO DE ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA

O marco de partida para coordinar a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) cos restantes GDR de Galicia veu dado pola Resolución de AGADER do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (DOG de 2 de xuño de 2022). O artigo 6.1 destas bases reguladoras establece que “Co fin de optimizar os resultados da medida Leader en Galicia no período 2023-2027, requírese que a preparación das diferentes estratexias de desenvolvemento local estea coordinada a través dunha asociación de GDR de Galicia que agrupe polo menos a dous terzos dos GDR de Galicia”.

O GDR 23 Mariñas-Betanzos decidiu adherirse a ese marco xeral de coordinación a través da Asociación de GDR de Galicia, o que se plasmou na súa participación nas seguintes accións concretas:

- Subscrición do Convenio de colaboración entre a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) para a coordinación das propostas de estratexias de desenvolvemento local LEADER dos 24 GDRs de Galicia no período de programación 2023-2027.
- Utilización da guía común que se confeccionou no marco do citado Convenio para a elaboración das EDLP dos GDR de Galicia, así como do repositorio de documentos e o visor SIX-Web asociados. Isto permitiu coordinar cos restantes

territorios de Galicia o contido dos diferentes apartados da estratexia, así como contar cunha información e documentación de partida común para a elaboración das estratexias dos diferentes GDR.

- Participación do Grupo nas reunións organizadas pola Asociación de GDR de Galicia para discutir e afinar os instrumentos de coordinación antes mencionados. O Grupo participou nas seguintes reunións de coordinación:

**Táboa 1. Reunións de coordinación**

DATA	ASUNTO REUNIÓN
18/03/2022	Reunión GDRs con Agader para a presentación do Programa Aldeas Intelixentes de Galicia
27/05/2022	Reunión de Xunta directiva da Asociación de GDR para preparar Asemblea
08/06/2022	Reunión Comité Seguimento Agader cos GDRs
13/06/2022	Reunión 30 Aniversario Avaliación LEADER (Concello de Cenlle)
20/06/2022	Asemblea Xeral ordinaria da Asociación de GDR, debatendo e acordando posibles accións de coordinación das Estratexias
22/06/2022	Comité de Seguimento do PDR (2024-2020)
28/07/2022	Reunión de Agader cos GDRs para coordinación de Estratexias
11/08/2022	Asemblea xeral da Asociación de GDR de Galicia para aprobación do Convenio
16/09/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
29/09/2022	Reunión de coordinación AGADER – GDRs
24/10/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
7/11/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
8/11/2022	Participación GDRs en proxecto GAL X CLIMA (online)
10/11/2022	Asemblea Xeral da Asociación de GDR para a coordinación de Estratexias
14/11/2022	Envío de borrador aos GDR de Guión para elaboración de Estratexias 2023-2027
15/11/2022	Elaboración de cuestionario online para os GDR sobre o interese na creación de Grupos Temáticos e definición de temas
16/11/2022	Reunión para coordinación do Seminario sobre Redes, Grupos e Retos (para o día 12/12/2022)
17/11/2022	Reunión de Coordinación das estratexias en Sergude (GDR/Agader/Universidades)
28/11/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
2/12/2022	Xornada funcionamento Visor para recuperación terras agrarias
12/12/2022	Seminario Redes, Grupos e Retos para o novo LEADER (2023-2027)
13/12/2022	Participación GDRs en proxecto GAL x CLIMA (2) (online)

DATA	ASUNTO REUNIÓN
15/12/2022	Participación en Xornada online sobre Aldeas Modelo e Polígonos Agroforestais organizada pola Asociación de GDR de Galicia

- Realización de achegas por parte do Grupo 23 Mariñas-Betanzos, no marco desas reunións, especialmente sobre as seguintes cuestións:
  - Oportunidade de incorporar nas Estratexias os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
  - Posibilidade de que o Visor permita recoller directamente información para incorporar nas Estratexias dos GDR, sen ter que elaborala “ad hoc”.
  - Posibilidade de revisión previa das propostas de Proxectos Piloto.
  - Realización de xornada online sobre o Visor.
  - Posibilidade de seguir traballando nos Grupos Focais no ano 2023.
- Ademais, o Grupo 23 Mariñas-Betanzos traballou de forma conxunta coa Asociación de GDR e o equipo de apoio técnico das Universidades, especialmente en certos apartados específicos da súa estratexia:
  - C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.
  - D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible da futura estratexia
  - E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.
  - F. Coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia.
  - G. Propostas de proxectos piloto.

## F.1.2. GRUPOS DE TRABAJO (GT)

De modo complementario, o GDR 23 Mariñas-Betanzos, en colaboración cos restantes GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, está a participar na definición e posta en marcha de grupos de traballo, tanto Grupos Focais Temáticos como por tipos de territorios, proximidade ou por Grupos con intereses estratéxicos comúns.

Estes grupos de traballo iniciaron a súa actividade durante a elaboración das EDLP, en particular o farán na fase de definición dos obxectivos e liñas estratéxicas e de concreción do Plan de acción de cada GDR. Os grupos de traballo están concibidos para axudar a identificar ámbitos de colaboración e sinerxías a medio e longo prazo entre os diferentes territorios, así como posibilitar o intercambio de ideas no deseño das accións da EDLP.

En concreto, a participación nos Grupos de Traballo facilitaralle ao GDR 23 Mariñas-Betanzos entre outros, os seguintes aspectos:

- Poñer en común a experiencia dos períodos anteriores, especialmente nos proxectos de Cooperación, tratando de extraer leccións aprendidas para o período 2023-2027 e aproveitar as dinámicas de traballo.
- Intercambiar ideas sobre os obxectivos para este novo período.

- Explorar as posibilidades de coordinar proxectos e actuacións e buscar unha mellor definición dos tipos de proxectos a apoiar.
- Analizar a posibilidade de formular proxectos concretos emanados dos Grupos de Traballo, que puideran contar con financiación doutros fondos distintos de LEADER (Grupos Operativos de Innovación Agraria; LIFE, Interreg).

Como primeiro paso, xa se ten realizado, por parte do conxunto dos GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, un inventario inicial dos temas de maior interese para ser abordados en grupos focais temáticos, cuxos resultados se resumen a continuación:

**Táboa 2. Temas de interese nos grupos focais temáticos.**

TEMÁTICA	GDR INTERESADO
A.-Telecomunicacións e innovación dixital	
B.-Novos modelos enerxéticos e eficiencia	GDR 23 Mariñas-Betanzos
C.-Auga e cambio climático	GDR 23 Mariñas-Betanzos
D.-Recuperación de terras agrarias-novos empregos	GDR 23 Mariñas-Betanzos
E.-Ferramentas para a xestión do territorio	GDR 23 Mariñas-Betanzos
F.-Turismo en espazos rurais	GDR 23 Mariñas-Betanzos
G.-Innovación ambiental, infraestrutura verde e conectividade ecolóxica	GDR 23 Mariñas-Betanzos
H.-Novos modelos xestión do Monte, loita contra incendios e sustentabilidade	GDR 23 Mariñas-Betanzos
I.-Sector agrario e produtos alimentarios	GDR 23 Mariñas-Betanzos
H.-Dinamización e retos de xénero e coa xuventude	GDR 23 Mariñas-Betanzos

No caso concreto do GDR 23 Mariñas-Betanzos, este ten interese en colaborar activamente nos seguintes **Grupos Focais Temáticos**:

- GRUPO FOCAL TEMÁTICO B.- NOVOS MODELOS ENERXÉTICOS E EFICIENCIA
  - o O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que no territorio estase preparando un despregamento de parques eólicos nas áreas rurais, e o GDR quere propoñer novos modelos de consumo, produción e distribución de enerxía, que demostren non é necesario encher o rural de parques eólicos, máxime nun territorio declarado como Reserva de Biosfera pola UNESCO.
  - o Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia a analizar e propoñer outros modelos, e incentivar o xurdimento dun proxecto piloto que puidera ser demostrativo no territorio.
  - o O GDR pode contribuír á coordinación do grupo temático aportando a súa experiencia.
- GRUPO TEMÁTICO C.-AUGA E CAMBIO CLIMÁTICO

- O principal interese para participar neste grupo de traballo radica na importancia que teñen as cuncas dos ríos Mandeo-Mendo e Mero-Barcés, vertebrando o territorio e abrindo a posibilidade de converterse en verdadeiros Corredores Ecolóxicos para favorecer a conectividade da biodiversidade.
- Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia na participación do Proxecto LIFE FLUVIAL como entidade asociada que foi, a trasladar a boas prácticas aprendidas, e traballar en rede para restaurar estes espazos e facemos máis resilientes fronte ao cambio climático.
- O GDR pode contribuír á coordinación do grupo temático.
- GRUPO TEMÁTICO D.-RECUPERACIÓN DE TERRAS AGRARIAS-NOVOS EMPREGOS
  - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en aplicar as novas ferramentas da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, orientada a ampliar explotacións agrarias e xerar novos empregos, sobre todo en ecolóxico e no sector vitícola.
  - Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia a aportar a aprendizaxe e dinámicas de traballo adquiridas no Proxecto de Cooperación NÓ-RURAL (2021-2022).
  - O GDR pode apoiar na coordinación do grupo temático, pero non realizar a coordinación.
- GRUPO TEMÁTICO E.-FERRAMENTAS PARA A XESTIÓN DO TERRITORIO
  - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en coñecer mellor e capacitarse no uso de ferramentas SIX para a xestión e acompañamento de posibles polígonos agroforestais que poidan xurdir do territorio, propiciando a incorporación de información e condicionantes ambientais.
  - Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia a identificar os elementos do territorio a ter en conta (capas), nos procesos de planificación territorial, incorporando a visión desde Patrimonio Natural, patrimonio cultural, auga, etc.
  - O GDR lle gustaría participar nas actuacións do Grupo Temático.
- GRUPO TEMÁTICO F.-TURISMO EN ESPAZOS RURAIS
  - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en que o GDR 23 e a entidade xestora do Xeodestino “As Mariñas Coruñesas”, e está desenvolvendo un Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (2022-2024).
  - Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia a identificar elementos clave a ter en conta na planificación turística, así como a participar en visitas de estudio para coñecer boas prácticas.
- GRUPO TEMÁTICO G.-INNOVACIÓN AMBIENTAL, INFRAESTRUTURA VERDE E CONECTIVIDADE ECOLÓXICA
  - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en coñecer boas prácticas de aplicación da infraestrutura verde a nivel estatal i europeo, así como coñecer como será a súa aplicación en Galicia.
  - Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia na participación da Estratexia de Infraestrutura Verde da Área da Coruña e compartir o coñecemento adquirido.
- GRUPO TEMÁTICO H.-NOVOS MODELOS XESTIÓN DO MONTE, LOITA CONTRA INCENDIOS E SOSTENIBILIDADE

- O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en coñecer boas prácticas na xestión do monte, así como identificar actuacións innovadoras doutros territorios que puideran transferirse. Especialmente interesa a xestión que se poida facer nos montes veciñais en man común, co interese de que puideran ser espazos de referencia na xestión multifuncional do monte.
- Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia adquirida no proxecto de Cooperación SON DE MONTE (2021-2022), onde se analizaron diferentes modelos de xestión do monte.
- O GDR pode coordinar/contribuír á coordinación do grupo temático (de ser o caso).
- GRUPO TEMÁTICO I.-SECTOR AGRARIO E PRODUTOS ALIMENTARIOS
  - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en identificar modelos de comercialización a través de circuitos cortos alimentarios, facendo incidencia en modelos de loxística e distribución.
  - Nese senso, o GDR pode contribuír coa súa experiencia a compartir a aprendizaxe no proxecto de Cooperación ALIMENTOS DA BIOSFERA (2021-2022), e no caso de resultar aprobado tamén o do proxecto de Cooperación ECO-COMEDORES na convocatoria 2022-2023.
  - O GDR podería coordinar este grupo temático.
- GRUPO TEMÁTICO H.-DINAMIZACIÓN E RETOS DE XÉNERO E COA XUVENTUDE
  - O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en coñecer boas prácticas e metodoloxías para a implicación da xuventude nos procesos de desenvolvemento rural, atendendo ás novas demandas da xuventude.

En canto a grupos de traballo por tipos de territorios, o GDR 23-Mariñas-Betanzos identifica oportunidades de colaboración en particular cos seguintes territorios ou GDR:

- Colaboración co GDR Comarca de Ordes (limítrofe co territorio, ver ficha máis adiante).
- Colaboración co GDR Seitura 22(limítrofe co territorio, ver ficha máis adiante).
- Colaboración co GDR Condado-Paradanta (intereses comúns, ver ficha máis adiante).
- Colaboración co GDR Bajo Nalón (Asturias, sobre restauración fluvial e xestión salmón).
- Colaboración temática con varios GDR de Galicia (intereses e temáticas comúns. Ver ficha máis adiante).

**Nese marco de traballo colaborativo o GDR 23-Mariñas-Betanzos partirá da súa experiencia nas seguintes actividades ou proxectos de cooperación previos:**

- Proxecto de Cooperación SON DE MONTE (2021-2022).
- Proxecto de Cooperación ALIMENTOS DA BIOSFERA (2021-2022).
- Proxecto de Cooperación NÓ-RURAL (2021-2022).
- Proxecto de Cooperación I.X.P. DE VIÑO EN GALICIA (2021-2022).

Os grupos de traballo funcionarán principalmente a través do intercambio de documentos, complementado con reunións periódicas telemáticas (e eventualmente presenciais). Crearanse espazos dixitais compartidos que funcionen como repositorios, tanto de informes ou estudos de interese como de proxectos desenvolvidos polos GDR que podan ser de utilidade.

Os resultados máis relevantes, e que considere de interese, dos grupos de traballo nos que participe o GDR serán integrados no contido da súa estratexia, e posteriormente durante a execución da mesma, a través de diferentes vías:

- Elaboración de resumos executivos para discutir nos órganos de participación e decisión do GDR.
- Publicación na web do GDR de fichas divulgativas, en particular de proxectos de interese identificados, que poidan servir de inspiración.
- Outras actividades divulgativas e de difusión nos axentes do territorio.
- Visitas e viaxes para coñecer proxectos vitoriosos e experiencias demostrativas.
- Elaboración de proxectos específicos para a busca de financiamento á marxe do LEADER con outros GDR como socios.
- Animación para promover proxectos no propio territorio replicando boas prácticas.

### **F.1.3 OUTRAS ACTUACIÓNS PARA A COORDINACIÓN DA ESTRATEGIA DO GDR COAS DOS RESTANTES TERRITORIOS DE GALICIA**

Desde o GDR Mariñas-Betanzos se desenvolveron actuacións de coordinación da estratexias con outros GDRs de Galicia, ben por ser territorios limítrofes, ben por compartir intereses comúns ou temáticas preferentes.

Xúntase unha ficha coas reunións de coordinación mantidas, así como as temáticas de interese común identificadas e as posibles vías de financiación para abordar estas actuacións identificadas.

<b>Actuacións de coordinación durante a elaboración da estratexia</b>	
<b>COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS CON GDRs COLINDANTES AO TERRITORIO</b>	
GDR CO QUE SE TRABALLA NA COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS 2023-2027	
<b>GDR SEITURA 22</b>	
<b>ACTUACIÓN DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS</b>	<b>Foto reunión</b>
-Reunión coordinación de identificación de temas de interese para os dous GDR e canalizalos en proxectos na Convocatoria de Cooperación (09/09/2022).	
- Reunión de coordinación sobre os temas identificados (07/12/2022).	
<b>XUSTIFICACIÓN DOS ÁMBITOS TEMÁTICOS DA COOPERACIÓN IDENTIFICADOS</b>	
<p>Os GDR de Seitura 22 e Mariñas-Betanzos son limítrofes, polo que comparten elementos físicos en común, como é o Concello de Miño, que forma parte da Reserva de Biosfera Mariñas-Coruñesas, recoñecida pola UNESCO, sendo limítrofes as cuncas do Eume e a do río Mandeo, podendo desenvolver actuacións de mellora da conectividade ecolóxica. O Parque Natural das Fragas do Eume e a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas son espazos de elevado interese ambiental, con problemáticas semellantes.</p> <p>O Camiño Inglés atravesa ambos territorios, ofrecendo oportunidades para o deseño de novos produtos turísticos asociados ao EcoTurismo así como actuacións de mellora da paisaxe</p> <p>Ambos GDR participan en proxectos de Cooperación polo que tamén se podería transferir ese aprendizaxe sobre actuacións de dinamización do emprego no rural (NÓ-RURAL), sobre a comercialización en circuitos cortos (Eco-Comedores), novas estratexias para o monte (Son de Monte).</p>	
<b>LIÑAS DE ACCIÓN CONCRETAS A TRABALLAR NA ESTRATEXIA 2020-2027</b>	<b>CONEXIÓN CON OUTRAS ESTRATEXIAS</b>
1.-Mellora da conectividade ecolóxica entre os dous GDR a través das zonas limítrofes, ríos e borde litoral	
2.-Mellora da paisaxe, dos servizos e conectividade ecolóxica no Camiño Inglés	Estratexia Biodiv.2030
3.-Transferencia da aprendizaxe dos proxectos de Cooperación nos territorios (Eco-comedores da Biosfera, Conectando Biodiversidade, NÓ-Rural, etc.)	Estratexia Granxa-Mesa
4.-Formulación estratexias coordinadas de loita fronte ao cambio climático nas cuncas hidrográficas	Estratexia Biodiv.2030 Estratexia Nacional restauración ríos
5.-Mellora da venta de produtos alimentarios en circuitos cortos	Estratexia Granxa-Mesa
6.-Recuperación de terras orientadas ao emprendemento no sector agrario e ao relevo xeracional (colaboración coa Delegación Medio Rural na Coruña)	

POSIBLES VÍAS DE FINANCIACIÓN PARA ACCIONES	ACCIONES
Traballo en Rede (Gastos funcionamento)	5;
Visitas e reunións de intercambio de experiencias	3;4
Animación LEADER (expedientes dos GDR de Animación)	
Proxectos de Cooperación	1;2;6
Convocatoria Grupos Operativos de Innovación Agraria	
Outras Medidas do Plan Estratégico PAC GALICIA 2023-2027	
Outras vías de financiamento (Deputación Coruña, outros programas)	

<b>Actuacións de coordinación durante a elaboración da estratexia</b>	
<b>COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS CON OUTROS GDR. O VALOR DAS SINERXIAS</b>	
<b>GDRS INTEGRANTES DO PROCESO DE COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS 2023-2027</b>	
<b>ASDECOMOR (21) E MARIÑAS BETANZOS (23)</b>	
<b>ACTUACIÓN DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS</b>	<b>Foto reunión</b>
<p>Contacto para identificación de posibles temas de interese para os dous GDR (14/11/2022).</p> <p>Reunión de coordinación sobre os temas identificados (23/11/2022).</p> <p>Xornada sobre redes 12/12/2022.</p>	
<b>XUSTIFICACIÓN DOS ÁMBITOS TEMÁTICOS DA COOPERACIÓN IDENTIFICADOS</b>	
<p>Os territorios dos GDR de Comarca de Ordes e Mariñas-Betanzos son limítrofes, polo que comparten elementos físicos, como a Lagoa de Meirama de onde parte o río Barcés, que vertebra parte do territorio de Mariñas-Betanzos ou o camiño inglés.</p> <p>Neste senso, parte dos municipios integrantes do territorio do GDR ASDECOMOR e limítrofes co GDR Mariñas – Betanzos (Cerceda e Mesía), amosaron interese en incorporarse á Reserva de Biosfera Mariñas-Coruñesas, recoñecida pola UNESCO.</p> <p>Así mesmo, o Camiño Inglés atravesa ambos os dous territorios, ofrecendo oportunidades para o deseño de novos produtos turísticos asociados, e de actuacións comúns na mellora de servizos.</p> <p>Varios municipios dos dous territorios están incluídos no Convenio de Transición Xusta de Meirama, o que supón unha oportunidade para o desenvolvemento de proxectos en común así como para animar ó emprendemento, con actuacións como a creación de Living-Labs que dinamicen a innovación.</p> <p>Ambos GDR participan en proxectos de Cooperación polo que tamén se podería transferir ese aprendizaxe (Museos Vivos, Eco-Comedores, etc.)</p>	
<b>LIÑAS DE ACCIÓN CONCRETAS A TRABALLAR NA ESTRATEXIA 2020-2027</b>	<b>CONEXIÓN CON OUTRAS ESTRATEXIAS</b>
1.-Estudio de accións de mellora da conectividade ecolóxica e da biodiversidade entre a Lagoa Meirama e o río Barcés.	Pacto Verde Estratexia Biodiver. 2030
2.-Promoción do Ecoturismo no Camiño Inglés. Mellora de servizos, etc.	
3.-Creación de Living-Labs rural para o fomento da innovación e mellora dos servizos TIC no medio rural.	
4.- Análise da viabilidade da incorporación de Mesía e Cerceda á Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.	Pacto Verde Estratexia Biodiver. 2030
5.- Promoción da alimentación saudable nas Escolas, mediante produtos locais e de tempada. Fomento dos mercados de proximidade.	Pacto Verde Estratexia granxa-mesa
6.- Posta en valor de museos e centros de interpretación no medio rural.	Smart Villages
7: Mobilización da terra agraria: permutas, polígonos agroforestais vencellados á recuperación e posta en valor de variedades fitoxenéticas locais.	LRTA de Galicia
8. Deseño e desenvolvemento de proxectos comúns de economía circular no sector agrario. Aproveitamento de residuos de produtos hortofrutícolas.	Economía circular
<b>POSIBLES VÍAS DE FINANCIACIÓN PARA ACCIÓN</b>	<b>ACCÍONS</b>
Traballo en Rede (Gastos funcionamento).	2; 6
Visitas e reunións de intercambio de experiencias.	1; 4
Animación LEADER (expedientes dos GDR de Animación).	

Proxectos de Cooperación.	5/
Convocatoria Grupos Operativos de Innovación Agraria.	
Outras Medidas do Plan Estratégico PAC GALICIA 2023-2027.	7,8
Convenio de Transición Xusta de Meirama.	1
Outras vías de financiamento (Deputación Coruña, outros programas).	3

<b>Actuacións de coordinación durante a elaboración da estratexia</b>	
<b>COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS CON GDR TEMAS DE INTERESE COMÚN</b>	
<b>GDR CO QUE SE TRABALLA NA COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS 2023-2027</b>	
<b>GDR CONDADO - PARADANTA</b>	
<b>ACTUACIÓN DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS</b>	<b>Foto reunión</b>
-Reunión coordinación de identificación temas de interese para os GDR.	(23/09/2022)
- Reunión de coordinación sobre os temas identificados 9/12/2022 e 12/12/2022.	
<b>XUSTIFICACIÓN DOS ÁMBITOS TEMÁTICOS DA COOPERACIÓN IDENTIFICADOS</b>	
<p>Os GDR Condado-Paradanta e GDR Mariñas-Betanzos, despois da análise territorial realizada, comparten a nivel territorial un río que vertebra o territorio, o Miño e o Mandeo respectivamente, compartindo problemática e oportunidades para a súa restauración ecolóxica.</p> <p>Por outra banda, ambos GDR participan en proxectos de Cooperación polo que tamén se podería transferir ese aprendizaxe sobre actuacións de dinamización do emprego no rural (NÓ-RURAL), sobre a comercialización en circuitos cortos (EcoComedores), ou sobre novas estratexias para o monte (Son de Monte).</p> <p>Ademais, temos presentado nesta convocatoria unha proposta de Proxecto de Cooperación sobre o impulso aos polígonos vitícolas e a produción de froita, pendente de resolución.</p>	
<b>LIÑAS DE ACCIÓN CONCRETAS A TRABALLAR NA ESTRATEXIA 2020-2027</b>	<b>CONEXIÓN CON OUTRAS ESTRATEXIAS</b>
1.-Estratexias de mellora da conectividade ecolóxica en leitos fluviais.	Estratexia Biodiv.2030 Estratexia Nacional restauración ríos
2.-Análise da figura de Reserva de Biosfera como ferramenta para a mellora territorial.	Estratexia Biodiv.2030 Estratexia economía circular
3.-Transferencia da aprendizaxe dos proxectos de Cooperación nos territorios (Eco-comedores da Biosfera, NÓ-Rural, etc.)	Estratexia Granxa-Mesa
4.-Proxectos para a mellora ictiolóxica dos ríos Miño e Mandeo, con recuperación de salmón e medidas de xestión adaptadas a cada realidade territorial.	Estratexia Biodiv.2030 Estratexia Nacional restauración ríos
5.-Mellora sustentabilidade do sector turístico e implementación de plans de produto.	Lei adaptación cambio climático Xeodestinos de Galicia
6.-Recuperación de terras orientadas á produción de froita e viticultura.	Lei de recuperación da terra agraria de Galicia
<b>POSIBLES VÍAS DE FINANCIACIÓN PARA ACCIÓNS</b>	<b>LIÑA DE ACCIÓN</b>
Traballo en Rede (Gastos funcionamento)	2;

Visitas e reunións de intercambio de experiencias	5;
Animación LEADER (expedientes dos GDR de Animación)	
Proxectos de Cooperación	1; 3; 6 (proxecto presentado)
Convocatoria Grupos Operativos de Innovación Agraria	
Outras Medidas do Plan Estratégico PAC GALICIA 2023-2027	
Outras vías de financiamento (Convocatoria programa LIFE)	4

<b>Actuacións de coordinación durante a elaboración da estratexia</b>	
<b>COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS SEGÚN EIXOS TEMÁTICOS</b>	
<b>GDR COS QUE SE TRABALLA NA COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS 2023-2027</b>	
<b>GDRs: Condado Paradanta; Limia-Arnoia; Seitura 22; Terra Chá; Montes e Vales Orientais; Mariñas-Betanzos</b>	
<b>ACTUACIÓN DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS</b>	
Reunións para a definición e coordinación de Estratexias: 21/06/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR) 08/07/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR) 11/07/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR) 18/07/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR) 19/07/2022 (Preparación documento inicial candidatura como GDR) 11/09/2022 (Son de Monte) 16/09/2022 (Alimentos da Biosfera) 13/10/2022 Reunión definición de posibles liñas de interese común 14/10/2022 Reunión definición de posibles liñas de interese común 23/11/2022 (Son de Monte) 2/12/2022 (Definición posibles actuacións comúns)	
<b>XUSTIFICACIÓN DOS ÁMBITOS TEMÁTICOS DA COOPERACIÓN IDENTIFICADOS</b>	
Seis GDR galegos teñen decidido identificar intereses comúns e definir posibles actuacións a desenvolver no período 2023-2027 nos seguintes eixos temáticos: Nova cultura do Monte (Son de Monte); Comedores escolares que consumen produto local, ecolóxico e de tempada (Eco-Comedores); Fomento do emprendemento na xuventude, identificando oportunidades de emprego ligados a recuperación de terras agrarias (Nó-Rural); Novos modelos enerxéticos no medio rural (Comunidades enerxéticas locais); Identificación de melloras para simplificar o funcionamento dos GDR	
<b>LIÑAS DE ACCIÓN CONCRETAS A TRABALLAR NA ESTRATEXIA 2020-2027</b>	<b>CONEXIÓN CON OUTRAS ESTRATEXIAS</b>
1.-Nova cultura do monte.	Pacto Verde Estratexia Biodiver. 2030
2.-Fomento do emprendemento na xuventude vinculada ao medio rural.	Lei recuperación terras agrarias
3.-Novos modelos de produción e consumo enerxético no medio rural.	Lei de cambio climático
4.-Estratexias de mitigación do cambio climático, especialmente na agricultura.	Pacto Verde Estratexia Biodiver. 2030
5.-Promoción alimentación saudable nas Escolas, mediante produtos locais, ecolóxicos e de tempada.	Pacto Verde Estratexia granxa-mesa
6.-Identificación de melloras para simplificación funcionamento do LEADER.	
<b>POSIBLES VÍAS DE FINANCIACIÓN PARA ACCIÓNS</b>	<b>LIÑA DE ACCIÓN</b>
Traballo en Rede (Gastos funcionamento).	1; 6
Visitas e reunións de intercambio de experiencias.	4
Proxectos de Cooperación	2; 5 (RedeEco Comedores)
Outras vías de financiamento (outros programas).	3

## **F.2. MECANISMOS E PROCEDEMENTOS QUE SE VAN IMPLANTAR AO LONGO DO PERÍODO 2023-2027 PARA ASEGURAR A EXECUCIÓN DA ESTRATEGIA DE XEITO COORDINADO COS RESTANTES GDR DE GALICIA**

O GDR 23 Mariñas-Betanzos prevé impulsar e participar nos mecanismos e procedementos que se indican a continuación, para facilitar a execución da súa estratexia de xeito sinérxico e colaborativo cos restantes GDR de Galicia.

### **F.2.1 TALLER DE LANZAMIENTO: VISIÓN XERAL DAS EDLP DOS GDR GALEGOS**

Logo da aprobación das estratexias de desenvolvemento local, o GDR 23 Mariñas-Betanzos contribuirá á organización, coordinada pola Asociación de GDR de Galicia, dun taller de lanzamento do novo período LEADER, no que cada Grupo exporá os principais elementos da súa EDLP, en particular do seu Plan de acción.

Este taller permitirá coñecer con maior detalle as estratexias dos diferentes GDR de Galicia, co fin de afinar as accións de coordinación no novo período. En particular, axudará a identificar os Grupos de Traballo xa formados (ver o punto F.1.2) que é interesante que continúen funcionando e, no seu caso, outros novos a constituír.

Ese taller de lanzamento poderá ir seguido de talleres de seguimento durante o período 2023-2027, nos que os GDR de Galicia podan presentar e debater as actividades realizadas, resultados, atrancos e retos no proceso de execución das súas estratexias, como mecanismo de intercambio de información e coordinación.

### **F.2.2 GRUPOS DE TRABALLO**

Unha vez aprobada a estratexia do GDR 23 Mariñas-Betanzos, este contribuirá ao mantemento daqueles grupos de traballo (dos constituídos na fase de elaboración das estratexias) que considere de interese e/ou á creación doutros novos. Para concretar os obxectivos e actividades destes Grupos de Traballo tomarase, como referencia o modelo exposto anteriormente para o período de elaboración das estratexias.

Na medida das súas posibilidades, en función dos medios humanos e materiais cos que conte, propoñemos que a Asociación de GDR de Galicia supervise e preste apoio ao funcionamento dos grupos de traballo. Ademais, en función das necesidades detectadas, ás reunións destes grupos poderán ser convidados expertos ou outros actores externos con capacidade para aportar información de interese para os GDR.

### **F.2.3 BASE DE DATOS DE PROXECTOS**

O GDR 23 Mariñas-Betanzos colaborará na creación e actualización dunha base de datos conxunta dos proxectos e actividades financiadas no marco das EDLP en Galicia. Base de datos que, no seu caso, incluírá tamén outras actividades promovidas polos GDR que se consideren interesantes para o coñecemento dos outros Grupos.

A estrutura, contido, soporte tecnolóxico e situación desta base de datos, así como o procedemento para asegurar a súa actualización permanente, serán concretados por unha comisión “ad hoc” integrada pola Asociación de GDR de Galicia e AGADER.

## F.2.4 IMPULSO DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN

A partir do intercambio de información nos grupos de traballo nos que participe, o GDR 23 Mariñas-Betanzos márcase o obxectivo de identificar proxectos de cooperación no marco LEADER a promover con outros territorios, e tamén explorar as oportunidades existentes noutros programas e convocatorias de financiación para proxectos que vaian máis alá do ámbito territorial deste GDR.

## F.3. MECANISMOS E PROCEDIMENTOS PARA ASEGURAR A EXECUCIÓN DA ESTRATEGIA DE XEITO ALIÑADO CON OUTRAS MEDIDAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL XESTIONADAS POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA NO MARCO DA PAC

De entrada, entendemos que a definición dos mecanismos e procedementos para asegurar que a execución das estratexias dos GDR está aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia dependerá en boa medida das normas e actuacións que con ese fin adopte AGADER, en coordinación, no seu caso, cos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e intervencións.

Como punto de partida para contribuír a ese aliñamento, o GDR 23 Mariñas-Betanzos recolle no apartado D unha análise da relevancia e a posible incidencia na súa estratexia dos principais elementos do marco normativo e institucional, prestando especial atención ás medidas de desenvolvemento rural programadas en Galicia dentro do Plan Estratégico da PAC 2023-2027 (PE PAC), así como aos plans sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionados co medio rural.

Tendo iso como base, o GDR 23 Mariñas-Betanzos propón os mecanismos e procedementos que se indican a continuación para asegurar o aliñamento da execución da súa estratexia (e das estratexias dos GDR galegos) coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco da PAC, así como cos plans sectoriais e iniciativas prioritarias da Administración autonómica para o medio rural.

### F.3.1 IDENTIFICACIÓN DOS ÁMBITOS PRIORITARIOS PARA O ALIÑAMENTO E ESTABLECEMENTO DE DIRECTRICES

A partir da análise das estratexias dos 24 GDR de Galicia finalmente aprobadas, en particular do seu apartado D, AGADER e os GDR identificarán conxuntamente os ámbitos temáticos e os tipos de proxectos ou actuacións nos que é máis necesario un aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural e cos plans e iniciativas prioritarias da Xunta de Galicia para o medio rural. Sobre esa base, poderá elaborarse un documento (Guía para a execución das estratexias LEADER) no que se establezan normas e directrices para promover que a execución das estratexias dos GDR estea aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia. O contido desta Guía poderá actualizarse a medida que avance a execución das estratexias, en base á experiencia acumulada, tendo en conta para isto as reunións de seguimento indicadas no punto F.3.3.

O GDR 23 Mariñas-Betanzos avaliará a forma de incorporar as normas e directrices desa Guía xeral na aplicación da súa estratexia, tanto na información subministrada aos axentes do territorio como na valoración e selección dos proxectos presentados ao Grupo.

#### F.3.1.1 Aliñamento coas medidas do PEPAC

##### a. Sinerxías e complementariedades coas outras medidas de desenvolvemento rural que vai xestionar a Xunta de Galicia

Como parte das intervencións e medidas do PEPAC 2023-2027, se consideraron as seguintes como de especial interese as que se amosan a continuación, medidas que vai xestionar a Administración Autonómica.

**Táboa 3. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco do PEPAC 2023-2027**

Medida de desenvolvemento rural de interese para o GDR	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
<b>COMPROMISOS MEDIOAMBIENTAIS, CLIMÁTICOS E DEMAIS COMPROMISOS DE XESTIÓN</b>			
<b>Intervención 6501.2 - Compromisos agroambientais en superficies agrarias: Compromisos de cultivos sostibles</b>	Divulgador Colaboración na implementación	Explotacións agrarias con cultivos forraxeiros ou extensivos	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6503 - Compromisos de xestión agroambientais en agricultura ecolóxica</b>	Divulgador Colaboración na implementación	Explotacións agrarias en produción ecolóxica	Formación Asesoramento
<b>INVERSIÓNS</b>			
<b>Intervención 6841.1 - Axudas a inversións produtivas en explotacións agrarias vinculadas a contribuír á mitigación-adaptación ao cambio climático e uso eficiente dos recursos naturais e o benestar animal</b>	Divulgador Colaboración na implementación	Explotacións agrarias, pequenas explotacións, cooperativas agrarias, SATs que leven a cabo inversións produtivas vinculadas a contribuír ao cambio climático e o uso eficiente dos recursos naturais e o benestar animal	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6843.2 - Axudas a inversións en infraestruturas agrarias para fomento da competitividade (incluídas aldeas modelo e polígonos agroforestais)</b>	Divulgador Colaboración na implementación	Administracións públicas e organismos autónomos vinculados a elas que leven a cabo procesos de reestruturación parcelaria e de mobilización e recuperación de terras agrarias	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6844 - Axudas a inversións non produtivas en explotacións agrarias vinculadas á mitigación-adaptación ao cambio climático, uso eficiente dos recursos naturais, biodiversidade e benestar animal</b>	Divulgador Colaboración na implementación	Persoas e entidades, públicas ou privadas, titulares de parcelas agrícolas que leven a cabo inversións non produtivas vinculadas á adaptación ao cambio climático, uso eficiente de recursos naturais, biodiversidade e benestar animal	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6872 - Inversións non produtivas</b>	Divulgador	Administracións, persoas físicas ou xurídicas privadas	Formación

Medida de desenvolvemento rural de interese para o GDR	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
en servizos básicos en zonas rurais	Colaboración na implementación	e organizacións sen ánimo de lucro que leven a cabo inversións non produtivas en pequenas infraestruturas de carácter local	Asesoramento
<b>Intervención 6881.1 - Inversións forestais non produtivas en repoboación e sistemas</b>	Divulgador Colaboración na implementación	Titulares forestais, administracións, titulares individuais ou agrupacións, agricultores e outros propietarios de terras que leven a cabo repoboación forestal de coníferas e frondosas e o establecemento de sistemas forestais	Formación Asesoramento
<b>ESTABLECIMENTO DE AGRICULTORES MOZOS E POSTA EN MARCHA DE NOVAS EMPRESAS RURAIS</b>			
<b>Intervención 6961.1 - Establecemento de persoas mozas agricultores</b>	Divulgador Colaboración na implementación	Persoas de entre 18 e 41 anos que se incorporen á actividade agrícola.	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6961.2 - Establecemento de novos agricultores</b>	Divulgador Colaboración na implementación	Persoas de entre 41 e 55 anos que se incorporen á actividade agrícola por primeira vez.	Formación Asesoramento
<b>COOPERACIÓN</b>			
<b>Intervención 7132 - Cooperación para a promoción dos produtos agrícolas e alimenticios en réximes de calidade</b>	Divulgador Colaboración na implementación	Agrupacións ou organizacións de produtores agroalimentarios, asociacións sen ánimo de lucro e administracións ou entidades que cooperen para a información e promoción dos produtos de calidade.	Formación Asesoramento
<b>Intervención 7161 - Cooperación de grupos operativos da Asociación Europea para a Innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícola (AEI-Agri)</b>	Divulgador Colaboración na implementación	Persoas físicas ou xurídicas, así como a administración, que formen parte dun Grupo Operativo constituído para a preparación e execución dun proxecto dirixido á modernización do sector agroalimentario e forestal.	Formación Asesoramento Animación e participación en proxectos

Medida de desenvolvemento rural de interese para o GDR	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
<b>INTERCAMBIO DE COÑECEMENTOS E INFORMACIÓN "AKIS"</b>			
<b>Intervención 7201 - Transferencia de coñecementos e actividades de formación e información</b>	Divulgador Beneficiario potencial Colaboración na implementación	Persoas físicas, así como a administración, que levan a cabo actividades de formación e transferencia de coñecementos de carácter agroforestal.	Formación Prestación de servizos Asesoramento
<b>Intervención 7202 - Servizos de asesoramento</b>	Divulgador Beneficiario potencial Colaboración na implementación	A administración, entidades públicas ou privadas e agrupacións de persoas físicas, que levan a cabo servizos de asesoramento en explotacións e de titorización a incorporados á actividade agraria.	Formación Prestación de servizos Asesoramento

**b. Interese potencial das intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas (xestionadas polo MAPA) do PEPAC 2023-2027**

Na seguinte táboa amósanse todas as intervencións supra-autonómicas de desenvolvemento rural recollidas no PEPAC, indicando cales das intervencións supra-autonómicas son máis relevantes para o territorio e en cales existe posibilidade de que o GDR23 poida xogar algún papel en relación á súa aplicación. Son as mesmas que se detallaban no epígrafe D, pois son consideradas todas de interese para o territorio do GDR.

**Táboa 4. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR coas intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas no marco do PE PAC de España 2023-2027**

Intervención supra-autonómica	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
<b>6842.2 - Axudas a inversións en transformación, comercialización e/ ou desenvolvemento de produtos agroalimentarios</b>	Divulgador Colaboración na implementación	Entidades Asociativas Prioritarias (EAP), que transformen, comercialicen ou desenvolvan, ou que vaian transformar, comercializar ou desenvolver produtos agrarios dos contidos no anexo I.	Formación Asesoramento Estudo de viabilidade de obradoiros compartidos
<b>7161 - Cooperación de grupos operativos da Asociación Europea para a Innovación en materia de</b>	Divulgador Colaboración na implementación	Polo menos dúas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que se asocian para formar parte dun grupo	Formación Asesoramento

Intervención supra-autonómica	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
produtividade e sustentabilidade agrícolas (EIP-Agri)		operativo para preparar e executar un único proxecto innovador nos ámbitos da agricultura, gandería, silvicultura, transformación e comercialización.	Dinamización de proxectos
7201 - Transferencia de coñecementos e actividades de formación e información	Divulgador Beneficiario potencial Colaboración na implementación	Entidades públicas ou privadas, organizacións sen ánimo de lucro e agrupacións, de ámbito supra-autonómico ou nacional que leven a cabo actividades de formación e transferencia de coñecementos de carácter agroforestal.	Formación Prestación de servizos Asesoramento

### F.3.1.2 Aliñamento coas medidas de estratexias, iniciativas e plans da Consellería do Medio Rural

Das diferentes estratexias, iniciativas e plans da Consellería do Medio Rural en distintos ámbitos, segundo xa se analizou no epígrafe D, identificáronse todas de especial interese para o territorio, polo que non se eliminou ningunha.

**Táboa 5. Aliñamento estratexia do GDR coas estratexias, iniciativas e plans da Consellería do Medio Rural**

Estratexia/ plan -Elemento ou acción relevante	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
Lei de recuperación da terra agraria de Galicia			
- Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, desenvolvendo para iso mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras por calquera medio válido en dereito, así como na xestión conxunta das terras.	Divulgador Colaboración na implementación Identificador de cultivos "tractores" Identificador de axentes dinamizadores	Explotacións agrarias, cooperativas agrarias, SATs e Comunidades de Montes interesadas en aumentar a súa superficie agraria  Posibilidade de participar en grupos operativos (G.O. Terractiva)	Formación Asesoramento Avanzar mediante cooperación con outros GDRs
- Previr e loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de	Divulgador Colaboración na implementación	Explotacións agrarias, cooperativas agrarias, SATs e Comunidades de Montes	Formación Asesoramento

Estratexia/ plan -Elemento ou acción relevante	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización e prestando atención especial ao fomento de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.	Identificador de axentes dinamizadores Identificador de cultivos "tractores" Apoiar o Banco de Explotacións	interesadas en aumentar a súa superficie agraria Promover a implicación dos concellos Dinamizar cultivos mediante a cooperación entre GDRs (viño e froita)	
- Facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras.	Divulgador Colaboración na implementación Dinamizador do funcionamento dos MVMC	Emprendedores agroforestais	Formación Asesoramento Identificación de cultivos de interese
- Favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións de igualdade e a remuda xeracional.	Divulgador Colaboración na implementación	Mulleres dedicadas á actividade forestal, así como mulleres mozas que se queren incorporar	Formación Asesoramento Visibilización da presenza da muller nas explotacións agrarias
- Incentivar as producións agroforestais sustentables e, en especial, a produción ecolóxica, os sistemas gandeiros de carácter extensivo e a xestión forestal sustentable.	Divulgador Colaboración na implementación	Explotacións agrícolas extensivas e/ou en ecolóxico Animar propostas de Grupos Operativos de Innovación Agraria	Formación Asesoramento Busca de financiación noutras entidades e fondos (Life, Fundación Carasso)
- Impulsar instrumentos innovadores en materia de acceso á terra que favorezan a incorporación de persoas mozas á actividade agraria.	Divulgador Colaboración na implementación	Agricultores mozos que se incorporen á actividade agraria	Formación Asesoramento Portal web Dinamización xunto cos concellos o xurdimento dos polígonos agroforestais
Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025			
- Aumentar a industrialización do leite en Galicia apostando pola diversificación dos produtos.	Divulgador Colaboración na implementación	Industrias lácteas que diversifiquen a súa produción	Formación Asesoramento

Estratexia/ plan -Elemento ou acción relevante	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
- Mellorar o posicionamento dos produtos lácteos galegos no mercado español e impulsar a internacionalización.	Divulgador Colaboración na implementación	Industrias do sector lácteo	Formación Asesoramento Apoiar pequenos obradoiros de transformación en ecolóxico
- Reforzar o ecosistema de formación e I+D+i conectándoo coas necesidades do sector.	Divulgador Colaboración na implementación	Industrias do sector lácteo interesadas en I+D+i Animar proxectos en colaboración co CIAM de Mabegondo	Formación Asesoramento Animar a presentación de proxectos por parte de Grupos Operativos
Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia 2020-2026.			
- Promover a colaboración e cooperación entre as DOP (e as IXP) vitivinícolas de Galicia.	Divulgador Colaboración na implementación	DOP (e as IXP) vitivinícolas de Galicia Participación en proxectos de cooperación Leader (2022-2023)	Formación Asesoramento
- Reforzar as Denominacións de Orixe vitivinícolas.	Divulgador Colaboración na implementación	DOP vitivinícolas de Galicia	Formación Asesoramento
- Impulso do relevo xeracional e mellora da rendibilidade e a sustentabilidade da produción vitícola.	Divulgador Colaboración na implementación Utilización da Marca Reserva da Biosfera para os viños da IXP Viño da Terra de Betanzos	Explotacións vitícolas e agricultores mozos que se incorporen á actividade vitícola Apoio na loita contra a avespa velutina	Formación Asesoramento Promoción do acceso á terra Animación dende a Cooperación ó acceso a terras
- Pór en valor o patrimonio cultural, natural e paisaxístico ligado ao viño.	Divulgador Colaboración na implementación Incorporar adegas dentro das experiencias de Ecoturismo da Reserva da Biosfera	Explotacións vitícolas con patrimonio cultural, natural e paisaxístico ligado ao viño Apoio dende Leader (2023-2027) con investimentos orientados ao ecoturismo	Formación Asesoramento
Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia.			

Estratexia/ plan -Elemento ou acción relevante	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
- Avanzar cara a unha produción sustentable, respectuosa co medio ambiente, que aposte polo benestar animal e que xere riqueza e oportunidades nos espazos rurais.	Divulgador Colaboración na implementación  Apoiar proxectos en CMVMC para analizar a capacidade dos pastos para fixar CO <sub>2</sub>	Explotacións gandeiras de carne	Formación Asesoramento Apoiar proxectos de mellora empresarial e xestión do gando en CMVMC
- Impulso dos sistemas de explotación ligados á protección do medio ambiente (producións extensivas e semiextensivas).	Divulgador Colaboración na implementación  Conectar con centros de investigación para mellorar a xestión dos MVMC	Explotacións gandeiras de carne extensivas e semiextensivas  Animar a transición de convencional a ecolóxico	Formación Asesoramento
- Mellorar a imaxe e o recoñecemento social dos produtores e contribuír á remuda xeracional nas explotacións cárnicas.	Divulgador Colaboración na implementación  Animar a creación dun Banco de Explotacións	Explotacións gandeiras de carne e agricultores mozos que se incorporen á actividade gandeira	Formación Asesoramento
Plan Forestal de Galicia 2021-2040.			
- Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais.	Divulgador Colaboración na implementación  Incorporar ó territorio unha Estratexia Galega de Infraestrutura Verde de Galicia	Titulares forestais públicos ou privados	Formación Asesoramento Proxectos de Cooperación entre GDRs (Conectando Biodiversidade)
- Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais.	Divulgador Colaboración na implementación	Titulares forestais públicos ou privados	Formación Asesoramento Promover modelos silvícolas que maximicen os servizos ecosistémicos
- Xestión forestal e loita contra o abandono do monte.	Divulgador Colaboración na implementación	Titulares forestais públicos ou privados	Formación Asesoramento Dinamizar a recuperación da terra agraria, expondo alternativas vendibles

Estratexia/ plan -Elemento ou acción relevante	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implementación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
- Planificación, ordenación e gobernanza.	<p>Divulgador Colaboración na implementación</p> <p>Impulsar a creación dunha Rede de Infraestrutura Verde cos concellos do GDR</p>	<p>Titulares forestais públicos ou privados</p> <p>Animar o uso dos ecoreximenes no bosque de ribeira dentro da PAC</p>	<p>Formación</p> <p>Asesoramento</p> <p>Animación de proxectos de Cooperación entre GDRs</p>

## F.3.2 XORNADAS INFORMATIVAS E FORMATIVAS PARA O PERSOAL TÉCNICO DOS GDR

Ademais da elaboración da citada Guía, o GDR 23 Mariñas-Betanzos considera oportuno que, ao inicio do período, se organice un programa de formación e información dirixido ao persoal técnico dos GDR sobre os ámbitos e tipos de proxectos identificados como críticos para o seu aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural. Este programa pode ser organizado por AGADER en colaboración coa Asociación de GDR de Galicia, contando tamén coa participación dos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e medidas relevantes dentro da Xunta de Galicia.

Partindo diso, o GDR 23 Mariñas-Betanzos levará a cabo actividades de información e divulgación aos axentes do territorio, sobre o tipo de proxectos financiados polo Grupo e a súa delimitación, complementariedade e sinerxías potenciais con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia.

### F.3.3 REUNIÓNS DE SEGUIMENTO

Como complemento do anterior, o GDR 23 Mariñas-Betanzos propón a organización periódica de reunións entre AGADER e os GDR, coa participación tamén dos órganos xestores das medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, para avaliar o aliñamento da execución das estratexias LEADER con esas medidas e políticas sectoriais, resolver as dúbidas ou cuestións que vaian xurdindo e debater posibles adaptacións na execución desas estratexias e/ou nas políticas sectoriais e outras medidas de desenvolvemento rural.

### F.3.4 GOBERNANZA

Para impulsar e pilotar as accións mencionadas nos puntos anteriores o GDR 23 Mariñas-Betanzos considera que sería oportuno constituír un “Comité de Coordinación e Seguimento das Estratexias LEADER”. O seu cometido sería promover o aliñamento das estratexias dos GDR con outras medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, a través das actuacións citadas anteriormente e outras que se acorden.

O Comité estaría integrado por AGADER, unha representación dos GDR e responsables doutros servizos da Xunta de Galicia que xestionan medidas de desenvolvemento rural ou outras políticas sectoriais relevantes para as estratexias dos GDR.

**DIRECCIÓN**

Asociación Mariñas-Betanzos.  
Antiga Cámara Agraria. San Marcos, s/n.  
15318 Abegondo (A Coruña).

**CONTACTO**

info@marinasbetanzos.gal  
981 669 541

[HTTPS://WWW.MARINASBETANZOS.GAL](https://www.marinasbetanzos.gal)